



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
18.11.2022

LUGAR: Sala Manolo Ramos. Edificio Ernestina Otero. Campus de Vigo.

DATA: 18.11.2022

HORA DE COMEZO: 12:00

HORA DE REMATE: 13:45

LISTA DE ASISTENTES

Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Diz Folgar, Manuel
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martínez Gómez, César Enrique
Martiño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Mollinedo Lois, Carlos
Muleiro García, Avelino
Novoa Rodríguez, María Sol
Ojea Bouzo, Armando
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María

DESCULPARON ASISTENCIA

Añel Cabanelas, María Elena
Santamaría Conde, Juan José

NON ASISTIRON

Ortiz Álvarez, Ana María
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O venres, 18 de novembro de 2022, ás 12:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (20.10.2022).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Informe anual de Transparencia da Universidade de Vigo e da Memoria de Responsabilidade Social universitaria. Presentación do responsable da Unidade de Análises e Programas, David Basalo.
5. Informe que proceda sobre a modificación dos títulos adscritos aos novos centros creados na Universidade de Vigo. (CG 31.10.2022).
6. Informe que proceda sobre a creación do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais, no Campus de Ourense. (Consello de Goberno do 31.10.2022).
7. Informe que proceda sobre o cambio de nome da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. (Consello de Goberno do 31.10.2022).
8. Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Master e Doutoramento para o curso 2024/2025. (Consello de Goberno do 31.10.2022).
9. Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables ao Programa universitario para o emprego e a vida autónoma.
10. Asignación de complementos de recoñecemento a profesores pola labor docente e investigadora, correspondente á convocatoria 2021, consonte avaliación da ACSUG.
11. Aprobación, se procede, dunha nova convocatoria de Prácticums para o ano 2023, e da dotación económica correspondente. Revisión das bases.
12. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de setembro e outubro de 2022.
13. Rogos e preguntas.

O presidente dá a benvida e agradece a asistencia dos presentes, facendo constar que o elevado quórum que se acadou en cada sesión está entre os máis altos que se rexistran nos Consellos Sociais en España. Así mesmo subliña que 2022 será o período con maior número de plenos na historia do Consello Social.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (20.10.2022).

Armando Ojea anuncia que se abstén neste punto, por non ter estado presente na reunión.

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa agradece a presenza do responsable da Unidade de Análises e Programas da UVigo David Basalo, non só para presentar o informe anual de Transparencia da UVigo e a Memoria de Responsabilidade Social universitaria, -"dous documentos relevantes no ámbito ético e de valores esixibles á institución universitaria"-, senón tamén pola súa determinación e acompañamento ao longo do ano. Neste senso chama a seguir traballando na liña que os últimos *rankings* externos cualificaron de sobresaínte, e que situou á UVigo nos primeiros postos de transparencia entre as universidades españolas.

De seguido destaca a presentación do estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas pola UVigo en Doutoramento entre 1995 e 2020, "un estudo único no sistema universitario español", que entre outras conclusións revela que o 95% dos case tres mil doutores titulados nese período están empregados actualmente, seis de cada dez en Galicia, pero cunha tendencia crecente a facelo noutros países.

Ernesto Pedrosa agradece aos autores do informe, os profesores Luis Espada e Víctor Martínez Cacharrón, o importante traballo que están a facer dende o Observatorio de Egresados, "porque son precursores en abrir a UVigo ao mundo". Engade que ningunha outra institución universitaria pódese "ver tanto, tan dentro e dende tantas ópticas...e ningunha outra ten aos seus ex-alumnos tan monitorizados en tempo case real".

Remata informando da comparecencia do ministro de Universidades nunha reunión da Conferencia de Consellos Sociais de España (CCS), na que Subirats explicou os retos que pretende abordar co anteproxecto da LOSU que se está a debater no Congreso dos Deputados, e na que dende a Executiva da CCS déuselle traslado das discrepancias coa redacción de asuntos como as competencias para aprobar novas titulacións ou a elección de vocais.

Finalmente dá a benvinda a César Enrique Martínez como novo representante do Concello de Pontevedra, en substitución de María Gloria Blanco, á que lle agradece a súa estadía no Consello Social.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa principia dando conta da reunión mantida con representantes da CETAG, a instancias de Emilio Fernández Zunzunegui, para escoitar as súas reivindicacións e asumir que é difícil reter tanto talento coas retribucións actuais, polo que se amosa disposto a facer "canto estea nas nosas mans" para resolvelo.

De seguido comunica que dende o último pleno non se produciron transferencias de crédito entre gastos de capital e gastos correntes, e engade que tampouco as haberá este ano, e anuncia que non se producirán máis ao abeiro da delegación que lle concedeu o Consello Social no pleno do 29 do pasado mes de xullo, polo que se amosa agradecido "pola xenerosidade do pleno".

Informa a continuación de actividades relacionadas coa presentación do Campus da Auga para a súa acreditación; actividades da Cátedra de Feminismo 4.0; o debate en Vigo das tres universidades galegas sobre I+D; o convenio da UVigo con Gradient, para partillar equipamentos, instalación e investigadores; os pasos que se están a dar para crear o Agro Food Tec Lab, orientado á investigación agroecolóxica, no que participan universidades españolas e portuguesas e terá a co-gobernanza da UVigo e o Instituto Politécnico de Braganza como socios principais; o convenio coa Xunta de Galicia para I+D que reportará seis millóns de euros para investigación; ou avances cara á internacionalización, concretados en acordos coa UNAD de Colombia para recoñecemento de títulos entre as dúas universidades.

Tamén dá conta do éxito das Xornadas de Automatización Industrial (JAI 2022); do convenio máis significativo firmado coa Deputación de Pontevedra ata a data por importe de 359 mil euros para englobar todas as actividades; e do coloquio-debate mantido coa ministra de Ciencia e Investigación.



PUNTO 4

Informe anual de Transparencia da Universidade de Vigo e da Memoria de Responsabilidade Social universitaria. Presentación do responsable da Unidade de Análises e Programas, David Basalo.

David Basalo agradece o interese do Consello Social nesta temática e a oportunidade de poder presentar tanto o Informe de Transparencia como a Memoria de RSU. Respecto do primeiro destaca que se trata do quinto informe presentado na UVigo, e apunta que por primeira vez a transparencia recóllese como indicador no Plan de financiamento das universidades galegas.

Explica polo miúdo quen e como se avalía a transparencia, tanto interna como externa, o elevado cumprimento dos indicadores aos que obrigan as diferentes normativas (nalgúns casos do 100%), e a influencia dos rankings nas decisións de financiación da Xunta. Neste campo sinala como os máis importantes, o da Fundación Haz, que avalía ás universidades dende 2011, cun grao de cumprimento da UVigo de case o 100% e que este ano cambiou de metodoloxía á que haberá que adaptarse; a plataforma Dyntra, na que a UVigo sitúase non só entre as tres primeiras universidades de España, cun 94% de cumprimento, senón tamén entre as tres primeiras administracións públicas.

Basalo presenta tamén varias gráficas sobre a evolución de visitas ao Portal de Transparencia dende 2017 ata acadar rexistros máximos en 2021, a evolución dos arquivos publicados igualmente en máximos o pasado ano.

Sobre a Memoria de RSU, presentada a finais de outubro en Consello de Goberno, chega á súa 12ª anualidade, e incorpora dende 2018 o desempeño dos ODS da Axenda 30. Mediante gráficas, o responsable da Unidade de Análises e Programas da Uvigo dá conta da obriga que ten a universidade de dispor dun informe de responsabilidade social aprobado polo Consello Social, e describe o posicionamento en distintos rankings.

Como aportacións finais, Basalo reflexiona sobre a importancia de ser transparentes ou socialmente responsables, e de como se alínea a rendición de contas coa reputación das universidades, "entendendo que a universidade é un servizo público e debe responder á sociedade á que serve".

O presidente agradece a exposición e reitera a dispoñibilidade do Consello Social a colaborar neste eido. A continuación agradécelle ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, a presenza para informar de temas da súa competencia.

PUNTO 5

Informe que proceda sobre a modificación dos títulos adscritos aos novos centros creados na Universidade de Vigo. (CG 31.10.2022).

Alfonso Lago explica que trala creación da Facultade de Relacións Internacionais, da Facultade de Deseño e da Facultade de Dirección e Xestión pública, preséntase a necesidade de modificar a memoria dos títulos adscritos para cambiar as facultades nas que se impartirán e que estean vinculadas a elas. Ademais, as modificacións estenderanse nalgúns casos (Máster en Deseño e Dirección Creativa, Grao en Dirección e Xestión Pública, e Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional) para adaptar o formato da Memoria <o novo RD 822/2021.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 6

Informe que proceda sobre a creación do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais, no Campus de Ourense. (Consello de Goberno do 31.10.2022).

Intervén o Reitor para dar conta da evolución rexistrada en Galicia nos últimos anos nos que se incentivou a transformación de grupos de investigación en Centros de investigación, coas vantaxes que comporta tanto na agrupación de proxectos como no acceso a convocatorias específicas, fondos e achegas externas. Salienta a novidade e a importancia que ten a creación deste Instituto que reúne a investigadores dabondo para dar este paso, e anticipa que esta é a primeira proposta -porque o Campus



de Ourense "é o primeiro que fixo os deberes" e acadou os informes externos que o avaliaron positivamente-, e que lle seguran outros.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 7

Informe que proceda sobre o cambio de nome da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. (Consello de Goberno do 31.10.2022).

De novo Manuel Reigosa expón que o nome muda polo de Facultade de Comunicación xustificando o cambio pola evolución histórica e a realidade actual do centro, no que, despois da saída de varias titulacións, xa só se imparten estudos relacionados co eido da comunicación, tratándose pois de que o nome se axeite mellor ao que se imparte.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 8

Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Master e Doutoramento para o curso 2024/2025. (Consello de Goberno do 31.10.2022).

Describe o vicerreitor Lago o acordo entre as tres universidades galegas para presentar un calendario común e a necesidade de adiantalo para axustarse ao RD 822/2021 que recolle que non se poderá impartir a do título universitario oficial ata que se publique no BOE e a inscrición no *Registro Universitario de Centros y Titulaciones* (RUCT), polo que a presentación da declaración de interese se adianta ao 25 de novembro próximo, e o informe do Consello Social que ata agora se fixaba cada ano no mes de xullo, pasa en 2023 a xuño.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables ao Programa universitario para o emprego e a vida autónoma.

Resume o presidente a proposta que se achega, e aclárase que non puido ser incluída no listado de prezos públicos aprobados no pleno de febreiro para o curso 2022/2023, por canto o curso se relaciona cunha convocatoria da Fundación ONCE-Fondo Social Europeo que foi publicada o 23 de maio de 2022, e a UVigo realizou a solicitude o 15 de xuño de 2022.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 10

Asignación de complementos de recoñecemento a profesores pola labor docente e investigadora, correspondente á convocatoria 2021, consonte avaliación da ACSUG.

Á vista da documentación e da relación de solicitantes que cumpren os requisitos, para un ou os dous complementos, ata o 31 de decembro de 2020 (6 profesores) e os que cumpren entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2021 (5 profesores),

- ***O Pleno acorda a asignación.***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, dunha nova convocatoria de Prácticums para o ano 2023, e da dotación económica correspondente. Revisión das bases.

Infórmase de modificacións formais das bases, que non afectan ao fondo da convocatoria, pero que a adaptan aos modelos que manexa a universidade.

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 12

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de setembro e outubro de 2022.

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 13

Rogos e preguntas.

César Blanco felicita á UVigo pola posición que acada nos rankings de transparencia e responsabilidade, e ve conveniente trasladalo ás organizacións empresariais, o que a seu xuízo tería repercusións favorables como puidera ser a maior implicación das empresas nas prácticas dos alumnos. Pide que se teña en conta. O Reitor agradece a reflexión e ofrece total disposición para partillar e mellorar as prácticas extracurriculares "por seren moi beneficiosas".

Manuel Diz advirte sobre os despidos que se están a producir nos Centros de Investigación, tanto de PAS como de PDI. Expón o malestar e a gravidade da situación polo bloqueo que se está a dar, e pide programas de retención de talento e medidas para que non volva ocorrer no futuro que un novo cambio de lei provoque por segunda vez despidos de persoal para volver a ser contratados. O Reitor sinala que a modificación da lei e a súa implantación deuse dese xeito e admite os inconvenientes da repentina mudanza de modelo de contratación que esixiu, pero subliña que esta lei dá máis dereitos aos investigadores. Engade Manuel Reigosa que a UVigo traballou arreo e dispón xa dun convenio multianual coa Xunta para sacar como prazas indefinidas as de todos os afectados, polo que xa non estarán acoutados no tempo e haberá estabilidade e financiación para que esta circunstancia non se repita nos próximos anos.

Engade Xosé Manuel Atanes que neste contexto tampouco se debe esquecer a situación precaria na que se atopan profesores asociados e contratados.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:45 horas do 18 de novembro de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias